

O PSOE de O Corgo considera que PP e BNG “urdiron un plan para roubarlles aos veciños o dereito a participar no PXOM”

Logo de enterarse de que a intención do alcalde e do voceiro nacionalista era aprobalo sen sometelo a exposición pública, enviaron un comunicado a todas as casas informando deste feito, e facilitándolles unhas datas para que puideran achegarse a recibir información. A través deste proceso percibiuse que os veciños, no 100% dos casos contactados, querían ser consultados, “e non ser tratados como meros monecos de comparsas”

Consideran que se trata “dalgo inaudito, pois non se aplicou en ningún Concello galego por simple hixiene democrática”

Dado que o Plan variou moi pouco con respecto ao anterior, que data dende 2005, e que o que “pretendían era aprobalo sen dicirilo a ninguén”, o socialistas sospeitan “que algo terán que esconder”, pois a exposición é obrigada por lei

O CORGO, 13 DE NOVEMBRO DE 2014.- Os socialistas de O Corgo denuncian que, a diferenza de como se desenvolve a tramitación do PXOM no resto de concellos da provincia e incluso de Galicia, no caso deste municipio os grupos do PP e do BNG o que fixeron foi “urdir un plan para roubarlles aos veciños o dereito a participar no desenvolvemento urbanístico”; é dicir, aprobalo se ser sometido a exposición pública. Neste senso, o voceiro do PSOE, ademais “do modo e que quixeron facer as cousas”, denuncia que “por riba se lles dixese aos cidadáns que, despois de 10 anos, se trataba dun tema urxente, que non se puido facer nada mellor, que houbo moitos atrancos, que o goberno de Touriño o retrasou... En definitiva, mentiras que non se sosteñen porque o documento leva paralizado máis dunha década debido a que os dous grupos non quixeron sacalo antes adiante”, afirma Jesús Seijas.

Dado que o Plan variou moi pouco con respecto ao anterior, que data dende 2005, e que “pretendían darlle o visto e prace sen dicirilo a ninguén”, o socialistas enviaron un comunicado a todas as casas informando deste feito, facilitándolles unhas datas para que puideran achegarse a recibir información. Con estas iniciativas, percibiuse que os veciños do Corgo, no 100% dos casos contactados, querían ser consultados, “e non ser tratados como meros monecos de comparsas”; cuestión que xa lle foi comunicado ao equipo de goberno na única comisión de urbanismo convocada e no pleno no que PP e BNG aprobaron en solitario o PXOM.

“Nós nos quixemos formar parte deste atraco aos dereitos democráticos dos veciños do Corgo, e de votar a favor de que os cidadáns non falen. Non é un exercicio de responsabilidade, é un exemplo de falta de valores democráticos. Os veciños teñen dereito a participar no planeamento urbanístico do concello porque lle lo recoñece a propia lei, e así o manifestamos no Pleno cos nosos votos en contra”, subliña Jesús Seijas.

Incongruencias

Deste xeito, o voceiro do PSOE tamén critica as múltiples incongruencias nas que o goberno local incorreu á hora de argumentar a tramitación do Plan Urbanístico. Proba delo é que, mentras PP e BNG afirmaron que non puideron axilizar o proceso porque non lles chegaban os informes pertinentes, demostrouse que si o someteron a exposición pública en dúas ocasións. Trátase, engade, “dun feito inaudito, pois non se aplicou en ningún Concello galego por simple hixiene democrática”, afirma.